

DECRETO

EXCMA. SRA. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, ALCALDESA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO PARA DAR COBERTURA AOS GASTOS DERIVADOS DA "TERMINACIÓN DAS OBRAS DE RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO EN VARIAS RÚAS DO BARRIO DO GRUPO LA PAZ, LUGO" .

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm.: 41-2024, por un importe total de 6.056,05 €, dentro do vixente orzamento do exercizo 2024 para dar cobertura aos gastos derivados da contratación da dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde da obra: "Terminación das obras de renovación das redes de abastecemento e saneamento en varias rúas do barrio do Grupo La Paz, Lugo".

Vista a inexistencia de crédito adecuado e suficiente no vixente Orzamento Xeral, solicítase a tramitación dun expediente de transferencia de crédito.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 1243/2024, do 29.08.2024 así como o RCMOD Ref.: 58001/2024, por importe de 6.056,05 €, do 28.08.2024.

Vense advertindo pola intervención de xeito reiterado nos últimos tempos sobre a evolución negativa dos principais indiadores e magnitudes económico-financieiras do Concello, e da necesidade de adoptar medidas de contención do gasto non obrigatorio. Por tanto, con independencia de que esta ou sucesivas modificacións de crédito desta tipoloxía sexan viables dende o punto de vista do cumprimento da normativa, recoméndase analizar pormenorizadamente polos órganos xestores a necesidade real de levalas a cabo, no senso de que implicarán a realización dun gasto que doutro xeito podería non executarse, permitindo un aforro, e son indicativas tamén de que se sobrepasaron as previsións orzamentarias en determinadas áreas ou materias neste momento do ano, o que debería merecer unha reflexión máis profunda por parte dos xestores antes de propoñelas.

Neste caso, as circunstancias que se poñen de manifesto no servizo de enxeñería no senso de que se trata dun gasto xa comprometido que provén dun contrato adxudicado en exercicios previos, que ditas modificacións afectan á mesma política de gasto, non se financia con recursos propios e non supoñen unha modificación orzamentaria de competencia plenaria tal e como se regula na base 11 de execución do orzamento, fan que poda ser admisible.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

Intervención
LVP/lrb
Refª: ispac5895498755293872023.doc
Asunto: Decreto aprobación TC 41-2024 Direc. obra Grupo La Paz

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 6.056,05 €, para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

<u>APLICACIÓN</u> <u>ORZAMENTARIA</u> <u>S QUE CEDEN</u> <u>CRÉDITO</u>	<u>C.P.</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>APLICACIÓN</u> <u>ORZAMENTARIAS</u> <u>QUE</u> <u>INCREMENTAN</u> <u>CRÉDITO</u>	<u>C.P.</u>	<u>IMPORTE €</u>
16000.60900	24XX00016	6.056,05 €	16100.61900	24XX00017	6.056,05 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO		6.056,05 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO		6.056,05 €

SEGUNDO: Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.